



CIG

Boletín
Sindical

Nº 66 - 2023

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

1º de Maio: paremos o saqueo!

A clase traballadora galega tomou as rúas no Primeiro de Maio convocada pola CIG para conmemorar o Día do Internacionalismo Proletario, xornada na que se esixiu a fin do "saqueo" contra a maioría social e se reclamou emprego, salarios e pensións dignas. Milleiros de persoas mobilizáronse por todo o país ante unha "realidade económica e social extrema" que está a causar un "importante deterioro nas condicións de vida", segundo denunciou o secretario xeral, Paulo Carril.

O máximo responsábel da central incidiu en que nunha situación tan crítica como a actual é máis necesario ca nunca saír á rúa para demandar medidas contra os efectos "devastadores" da inflación e da carestía da vida "porque as políticas favorábeis para as clases populares son resultado da loita e da mobilización, non concesións dos gobernos nin da patronal, nin nacen do diálogo social".

Denunciou que nun contexto de alza dos prezos e dos índices de pobreza as políticas públicas non son suficientes nin xustas, "por moito que en Madrid un Goberno chamado de esquerdas esaxere con propaganda as medidas que aproba". E advertiu que estas políticas están a alimentar a ultradereita, porque para confrontala son necesarias alternativas e non as mesmas medidas "inxustas, centralistas e recentralizadoras".

Como as que se impoñen seguindo os "plans neoliberais" da UE, caso da reforma das pensións, "que non amplía dereitos e que afecta especialmente as persoas menores de 50 anos ao consolidar os recortes anteriores", ou da reforma laboral,



"que non recupera nin incorpora dereitos, porque a sacaron adiante sen derrogar as de 2010 e 2012".

No plano internacional pediu o cesamento da guerra e a volta á diplomacia para resolver o conflito de Ucraína, e reafirmou a aposta da CIG nunhas relacións internacionais sen subordinacións, explotación nin dependencias, que permitan o dereito de Galiza e dos pobos a exercer a soberanía, o dereito de autodeterminación e a capacidade de decidir.

Máis beneficios e menos salarios

Neste contexto, os beneficios das empresas do IBEX 35 están a medrar nove veces máis ca os salarios, mentres se intensifican os chamamentos e a imposición, a través do Pacto de Rendas, da moderación salarial, "cando a patronal ten secuestrada a negociación colectiva, impedindo a recuperación do poder adquisitivo".

Intensifícase o aumento das desigualdades e da pobreza, con importantes sectores produtivos "agonizando". E o PP na Xunta afonda no desmantelamento industrial e reforza a dependencia económica do país, "xa que o único que promove é un turismo desordenado e descontrolado, e insiste na privatización dos servizos públicos, na eucaliptización do monte e na consolidación do proceso de colonización enerxética".

En oposición, apelou a intensificar a mobilización fronte á patronal e aos Gobernos, para darlle resposta a unha realidade "extrema" agochada baixo o diálogo social con CCOO e UGT, "que se ten convertido nunha fosa común dos dereitos laborais e sociais". Por iso a clase traballadora está "chamada ao conflito" na negociación colectiva, "para que non nos rouben dende as cúpulas de CCOO, UGT e do empresariado a capacidade de negociar e de decidir en Galiza convenios e condicións laborais".

Ao tempo que lembrou que nas próximas citas electorais hai que ter claro que a única garantía de futuro pasa por apostar nas forzas políticas propias, "autenticamente galegas, nacionalistas e de esquerdas, de teoría e de acción, que defendan os nosos intereses como clase traballadora e como pobo".

Mais sen esquecer que a loita é imprescindible na conquista de políticas alternativas e dunha saída galega xusta da crise, coa intervención pública da economía e de sectores estratégicos para garantir dereitos básicos como "pan, traballo e vivenda". E na defensa dos servizos públicos, pola recuperación económica, a industrialización e a creación de emprego digno na nosa Terra.

Hoxe máis que nunca, conflito e negociación colectiva

Vivimos unha realidade económica e social extrema, cos prezos dos bens e dos servizos básicos desbocados mentres os salarios se empobrecen día a día. Nun momento no que as políticas aplicadas polos gobernos resultan insuficientes -ou son inexistentes- e diante dos chamados constantes a un pacto de rendas, a negociación colectiva evidénciase como unha ferramenta fundamental da clase traballadora para garantir unhas condicións de vida dignas.



Cómpre defender a través dos convenios colectivos o mantemento do poder adquisitivo dos salarios e a incorporación dunha cláusula de revisión que opere ano a ano conforme ao IPC interanual de decembro. Unha cláusula de garantía da actualización das retribucións que as patronais e empresas pretenden suprimir ou limitar na súa eficacia mediante novas fórmulas que só serven para afondar na pobreza salarial.

Por iso, os traballadores e as traballadoras estamos chamadas ao conflito na negociación colectiva para recuperar o poder adquisitivo dos salarios e para que non nos rouben dende as cúpulas UGT, CCOO e a patronal nesa permanente negociación do AENC, o dereito a negociar e decidir en Galiza os nosos convenios colectivos de forma directa e democrática. Sen conflito e sen mobilización non hai melloras nas condicións laborais.

Garantir os salarios

Este é o camiño que iniciaron os traballadores e as traballadoras do transporte colectivo por estrada, que grazas ás mobilizacións, unha xornada de folga que paralizou por completo o sector e ante a convocatoria de novas folgas, conseguiron



que a patronal pasara da súa irrisoria proposta de incremento salarial do 0,8% a pór enriba da mesa subas para 2022 e 2023 iguais ao IPC (6,5% e 5,7%).

Na mesma liña, e despois de 30 anos sen mobilización xeral no sector, o persoal do metal e do comercio do metal da provincia de Lugo aposta polo conflito e ten convocada folga para os días 10, 23 e 25 de maio, en demanda de convenios dignos que garantan a recuperación e o mantemento do poder adquisitivo, así como melloras nos dereitos laborais.

Tamén o metal de Pontevedra acredita na vía da mobilización para lograr un convenio xusto. Ante a estratexia de ralentización da negociación practicada pola patronal, a CIG xa convocou manifestación para o 11 de maio en Vigo.

De igual xeito, o persoal de Povisa tivo que iniciar mobilizacións para desbloquear a negociación e lograr un acordo de convenio.

Conflito nos servizos privatizados

A conflictividade na negociación colectiva esténdese aos servizos públicos externalizados, nomeada-



mente na recollida do lixo concesionada a Urbaser. O persoal deste servizo no Concello de Narón tivo que convocar folga para conseguir que a empresa se movera das súas ridículas propostas e avanzar nun preacordo de convenio digno. En Ames e Santiago, os e as traballadoras teñen convocada folga indefinida a partir dos 8 e do 14 de maio, respectivamente, contra a miserenta oferta económica trasladada pola empresa e, no caso de Compostela, para denunciar o incumprimento do convenio e dos acordos extra convenio.

Conseguir incrementos salariais dignos e unha mellora das condicións é o obxectivo das mobilizacións e folgas que dende febreiro vén realizando o persoal de GT Motive en Pontedeume ou dos paros, promovidos pola CIG e secundados maioritariamente polos empregados e empregadas do Centro Tecnolóxico da Automoción de Galiza (CTAG), que serviron ademais de rexeitamento rotundo ao acordo asinado polo resto do comité, xa que contempla unha dobre escala salarial.

Contra os incumprimentos

Pero contar cun convenio non é garantía do seu cumprimento. Esta é unha realidade que coñecen ben os traballadores e traballadoras de CAPSA (Larsa) en Outeiro de Rei ou as compañeiras dos Servizos de Axuda no Fogar de diversas localidades (como Carballo) que, malia teren pactado nos seus convenios



O persoal do almacén de Lidl Narón leva máis de dous meses en folga

Desde o pasado 14 de febreiro os traballadores e as traballadoras do almacén de Lidl en Narón están en folga indefinida para exigir o cumprimento do convenio. Dentro das accións de apoio e solidariedade, a CIG ten convocadas concentracións de apoio ao longo do mes de maio en distintas comarcas. Así mesmo, temos posto en marcha a venda dos bonos de solidariedade que se poden recollen na federación de Servizos de todas as comarcas.

revisións salariais anuais segundo o IPC, estanse mobilizando precisamente porque as empresas non aplican as subas correspondentes.

No caso do SAF de Santiago, ademais, a concesionaria, Servisar, pretende modificar substancialmente as condicións laborais, motivo polo cal as traballadoras irán á folga no mes de maio.

Reclamar o cumprimento do convenio colectivo e avances nas condicións laborais e salariais levou ao persoal Constellium Automotive Spain no Porriño, a secundar varias xornadas de paros no mes de abril que derivaron nun acordo para a regularización das categorías profesionais que vai supoñer melloras salariais inmediatas.

**MANIFÉSTATE
POLA LINGUA!**



**Cuarta feira (mércores),
17 de maio de 2023, ás 12.00h**

- Santiago de Compostela (Alameda)
- A Coruña (Obelisco)
- Lugo (Praza Maior)
- Ourense (Praza do Correxedor)
- Pontevedra (Praza da Peregrina)
- Vigo (Cruce Vía Norte)
- Ferrol (Praza do Inferniño)
- Monforte (Praza de España)
- Foz (Concello)

**AGORA
AGORA**

Atención presencial e de calidade fronte á exclusión dixital das persoas maiores

O colectivo de xubiladas/os e pensionistas da CIG leva varios meses recollendo sinaturas contra a exclusión dixital das persoas maiores na administración pública, na banca, na sanidade pública ou na Seguridade Social. Unha recollida de sinaturas inserida na campaña que veñen desenvolvendo para denunciar todas as dificultades derivadas da dixitalización forzosa que afecta ao conxunto da poboación pero, sobre todo, ás persoas maiores.

As sinaturas serán entregadas o vindeiro día 10 de maio na Valedora do Pobo para “exixir que se adopten as medidas necesarias para evitar unha nova situación de desigualdade e vulnerabilidade das persoas maiores”. Coincidindo coa entrega das numerosas sinaturas, recollidas en cidades e vilas de toda Galiza, o colectivo, xunto coa federación de Administración pública, concentrarase diante desta institución.

Con esta campaña, que arrincou a finais de febreiro, denúnciase a cada día maior fenda dixital, que se acrecentou co proceso de dixitalización forzosa impulsado coa escusa da pandemia, en 2020, sobre todo en ámbitos onde até hai pouco tempo a atención presencial era maioritaria ou mesmo a única.



Servizos co acceso restrinxido por mor da dixitalización

O colectivo apunta, por exemplo, as dificultades para acceder libremente a unha oficina da Seguridade Social, a obriga de solicitar cita previa de forma telemática e as dificultades que hai para conseguila. Dificultades que se repiten en practicamente todas as administracións nas que, para conseguir unha cita, hai que falar cunha intelixencia artificial que moitas veces nin entende a nosa lingua, nin a vocalización e timbre de voz das persoas de certa idade.

Especialmente grave é o caso da Sanidade a onde chegaron as citas telefónicas coa pandemia e máis recentemente as consultas por videochamada, como se unha

exploración médica se puidese facer a través dunha pantalla.

Similares son as dificultades para conseguir atención bancaria, un sector que impuxo a dixitalización para aumentar beneficios trasladando a carga de traballo das oficinas á clientela, o que levou á redución de horarios de atención presencial, ao peche dunha morea delas, sobre todo no rural e á eliminación de postos de traballo.

Por iso, o colectivo de xubiladas/os e pensionistas da CIG denuncia estas novas barreiras que supoñen, en moitos casos, a exclusión dixital dunha vida digna para moitas galegas e galegos e conclúe que “somos maiores, temos dereitos”.

ELECCIÓNS SINDICAIS 11 DE MAIO



**COIDEMOS XUNTAS
A SANIDADE PÚBLICA**
DEFENDAMOS OS NÓS DEREITOS

